

MEMORIA 2020
FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS
G15705262

01 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE

02 – BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

03 - EXCEDENTE DO EXERCICIO

04 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

**05 - INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE, BENS DO PATRIMONIO HISTORICO
E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS**

06 - USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA

07 - BENEFICIARIOS – ACREEDORES

08- FONDOS PROPIOS

09 - SITUACIÓN FISCAL

10 - GASTOS E INGRESOS

**11 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A
FINS PROPIOS.**

12 - OPERACIONES CON PARTES VINCULADAS

13 - OUTRA INFORMACIÓN

14 - ACTIVOS FINANCIEROS

15 - PASIVOS FINANCIEROS

16 - SUBVENCIONS, DOAZÓNS E LEGADOS

17 - FEITOS POSTERIORES Ó PECHE

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

01 - ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

A **FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS** constituíuse o día 9 de Agosto de 1.999 segundo escritura de constitución outorgada polo Notario de Santiago de Compostela, D.Enrique Roger Amat co nº 1634 do seu protocolo. Ten o seu domicilio social en Santiago, San Domingos de Bonaval, 3, e ten por obxecto:

1.- A achega de medios económicos para o funcionamento do Museo do Pobo Galego, como institución que representa a concreción e síntese da obra de D. Antonio Fraguas Fraguas e de todos cantos con el loitaron por un centro que recollese a cultura material e espiritual de Galicia.

2.- A defensa, conservación, promoción e divulgación do seu legado material e intelectual a través do apoio ó funcionamento do Museo do Pobo Galego.

A Fundación foi clasificada como de interese cultural por Orden da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 7 de setembro de 1999(DOG do 28 de setembro) e declarada de interese galego por Orden da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 18 de outubro de 1.999 (DOG do 10 de novembro) figurando inscrita co número 1.999/21.

O 13 de marzo de 2018 formalizouse en escritura pública, outorgada en Santiago de Compostela ante a notaría D^a. Inmaculada Espiñeira Soto, co número de protocolo 533, unha reforma estatutaria aprobada polo Padroado na súa reunión do 28 de decembro de 2016 nos termos establecidos polo artigo 12.2 da Lei de Fundacións de Interese Galego. Esta modificación estatutaria foi inscrita o 3 de abril de 2018 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

02 – BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

1. Imaxen fiel:

As contas anuais elabóranse partindo dos rexistros contables, ós que se aplican as disposicións legais vixentes en materia contable co obxecto de mostrar a imaxen fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Entidade.

2. Principios contables:

O órgano de goberno da Entidade non estimou necesaria a aplicación de principios contables distintos dos obrigatorios ós que se refire o plan de contabilidade das entidades non lucrativas.

3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incertidumbre:

Na elaboración das contas anuais correspondentes ó exercicio 2020 determináronse estimacións e hipóteses en función da mellor información dispoñible a 31/12/2020 sobre os feitos analizados. E posible que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificálas (á alza ou á baixa) nos próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas anuais futuras.

A Entidade pese a situación provocada polo COVID-19 non considera que exista risco de continuidade ca súa actividade.

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

4. Comparación da información:

Non existe ningunha causa que impida a comparación dos estados financeiros do exercicio actual cos do exercicio anterior.

5. Elementos recollidos en varias partidas

Non existen elementos patrimoniais do Activo e do Pasivo que figuren en máis dunha partida do Balance.

6. Cambios en criterios contables

No presente exercicio, non se realizaron cambios nos criterios contables aplicados.

7. Corrección de erros

Non se detectaron erros o peche do exercicio que obriguen a reformular as contas.

03 – EXCEDENTE DO EXERCICIO

BASE DE REPARTO	2020	2019
Pérdidas y ganancias	10.880,25	6.766,16
Total	10.880,25	6.766,16
DISTRIBUCIÓN	2020	2019
A reservas voluntarias	6.673,75	
A compensación de pérdidas de ejercicios anteriores	4.206,50	6.766,16
Total distribuido	10.880,25	6.766,16

04 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

Aplicáronse os seguintes criterios contables:

1.- Inmovilizado intanxible

Os activos intanxibles están valorados polo seu coste de adquisición menos a súa amortización acumulada calculada de forma lineal en función da súa vida útil que foi estimada en tres anos.

Non se recoñecen inmovilizados intanxibles con vida útil indefinida.

Non existe fondo de comercio no balance da Fundación

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

2.- Inmobiliado material:

a) Coste

Os bens comprendidos no inmobiliado material están valorados polo prezo de adquisición minorado polas correspondentes amortizacións acumuladas. O prezo de adquisición ou coste de produción inclúe os gastos adicionais que se producen necesariamente ata a posta en condicións de funcionamento do ben.

Os costes de ampliación, substitución ou renovación que aumentan a vida útil do ben obxecto, ou a súa capacidade económica, contabilízanse como maior importe do inmobiliado material, co conseguinte retiro contable dos elementos substituídos ou renovados. Así mesmo, os gastos periódicos de mantemento, conservación e reparación, impútanse a resultados, seguindo o principio de devengo, como coste do exercicio en que se incorren.

Non se realizaron traballos da Entidade para o seu inmobiliado.

Non existe Inmobiliado cedido pola entidade sin contraprestación

b) Amortizacións

O Inmobiliado material está totalmente amortizado.

3. Bens integrantes do Patrimonio Histórico

Recolle o importe dos obxectos que se atopan nos arquivos e na sala de Antropoloxía que montou a Fundación nas dependencias do Museo do Pobo Galego. Valóranse ao seu prezo de adquisición. Non se amortizan.

Deterioro de valor dos activos materiais, intanxibles e Bens no Patrimonio Histórico

Ao peche de cada exercicio, a entidade revisará os importes en libros do seu inmobiliado para determinar se existen indicios de que sufran unha perda por deterioro de valor. No caso de que exista calquera indicio, realizarase unha estimación do importe recuperable do activo correspondente para determinar o importe do deterioro. Os cálculos do deterioro efectúaranse elemento a elemento de forma individualizada.

As correccións valorativas por deterioro recoñéceranse como un gasto na conta de perdas e ganancias.

As perdas por deterioro recoñecidas nun activo en exercicios anteriores revertirán en canto se produza un cambio nas estimacións sobre o seu importe recuperable, aumentando o valor do activo con abono a resultados co límite do valor en libros que o activo tiña antes do deterioro.

4. Permutas:

Durante o exercicio non houbo ningunha permuta.

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

5. Créditos e débitos pola actividade propia

As cotas, donativos e outras axudas similares, procedentes de patrocinadores, afiliados e outros debedores orixinan un dereito de cobro que se contabiliza polo seu valor nominal.

Non se concederon préstamos no exercicio da actividade propia a tipo de interés cero ou por debaixo do interés de mercado.

As axudas e outras asignacions concedidas pola entidade os seus beneficiarios orixinan o recoñecemento dun pasivo polo seu valor nominal.

Si a concesión da axuda é plurianual, o pasivo rexístrase polo importe comprometido en firme de forma irrevocable e incondicional.

6. Existencias:

As existencias están valoradas polo seu precio de adquisición ou o seu coste de produción.

7. Ingresos e gastos:

Os ingresos e gastos impútanse en función do principio de devengo, é dicir, cando se produce a corrente real dos bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada de eles. Os ingresos están valorados polo importe realmente percibido e os gastos polo coste de adquisición. En congruencia con este criterio procédese a periodificación dos mesmos cando é preciso.

8. Fusions entre entidades non lucrativas

Durante o exercicio no se realizaron fusionés entre entidades non lucrativas.

9. Instrumentos financeiros:

a) Criterios empregados para a calificación e valoración das diferentes categorías de activos e pasivos financeiros. Criterios aplicados para determinar o deterioro:

Os **activos financeiros**, a efectos da súa valoración, clasifícanse nalgunha das seguintes categorías:

Préstamos e partidas a cobrar

Nesta categoría inclúense os activos orixinados na venda de bens e prestacións de servizos por operacións de tráfico da entidade. Tamén inclúense aqueles activos financeiros que non se orixinaron nas operacións de tráfico da entidade e que non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, presentan uns cobros de cuantía determinada o determinable.

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Estos activos financeiros valóranse polo seu valor razoable que non e outra cousa que o precio da transacción, e dicir, o valor razoable da contraprestación máis todos os costes que lle son directamente atribuíbles.

Posteriormente, estos activos valóranse polo seu coste amortizado, imputando na conta de pérdas e ganancias os intereses devengados, aplicando o método do interés efectivo.

Polo coste amortizado enténdese o coste de adquisición dun activo ou pasivo financeiro menos os reembolsos de principal e correxido (en máis ou menos, segundo sexa o caso) pola parte imputada sistemáticamente a resultados da diferenza entre o coste inicial e o correspondente valor de reembolso ó vencemento. No caso dos activos financeiros, o coste amortizado inclúe, ademais as correccións ó seu valor motivadas polo deterioro que experimenten.

O tipo de interés efectivo e o tipo de actualización que iguala exactamente o valor dun instrumento financeiro á totalidade dos seus fluxos de efectivo ó longo da súa vida.

Os depósitos e fianzas recoñécense polo importe desembolsado por facer fronte ós compromisos contractuales.

Recoñécense no resultado do periodo as dotacións e retrocesións de provisións por deterioro do valor dos activos financeiros por diferenza entre o valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo recuperables.

Inversions mantidas ata o vencemento

Activos financeiros non derivados, o cobro dos cales son fixos ou determinables, que se negocian nun mercado activo e con vencemento fixo, nos cales a entidade ten a intención e capacidade de conservar ata a súa finalización. Tras o seu recoñecemento inicial polo seu valor razoable, valóranse tamén ó seu coste amortizado.

Activos financeiros rexistrados a valor razoable con cambios en resultados

Nesta categoría inclúense os activos financeiros híbridos, e dicir, aqueles que combinan un contrato principal non derivado e un derivado financeiro e outros activos financeiros que a entidade considerou conveniente incluír nesta categoría no momento do seu recoñecemento inicial.

Valóranse inicialmente polo seu valor razoable. Os costes de transacción atribuíbles directamente, rexístranse na conta de resultados. Tamén rexístranse na conta de resultados as variacións producidas no seu valor razoable.

Activos financeiros dispoñibles para a venda

Nesta categoría inclúense os valores representativos de debida e instrumentos de patrimonio de outras entidades que no se incluíron noutra categoría.

Valóranse inicialmente polo seu valor razoable e inclúese na súa valoración inicial o importe dos dereitos preferentes de suscripción e similares adquiridos.

Posteriormente estes activos financeiros valóranse polo seu valor razoable, sin deducir os costes de transacción correspondentes a súa venda.

Os cambios que se produzan no valor razoable rexístranse directamente no patrimonio neto.

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Derivados de cobertura

Dentro desta categoría inclúense os activos financeiros designados para cubrir un risco específico que pode ter impacto na conta de resultados polas variacións no valor razoable ou nos fluxos de efectivo das partidas cubertas.

Estos activos valóranse e rexístranse de acordo coa súa natureza.

Correccións valorativas por deterioro

O peche do exercicio, efectuaranse as correccións valorativas necesarias pola existencia de evidencia obxetiva de que o valor en libros dunha inversión non e recuperable.

O importe desta corrección e a diferenza entre o valor en libros do activo financeiro e o importe recuperable. Enténdese por importe recuperable como o maior importe entre o seu valor razoable menos os costes de venda e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros derivados da inversión.

As correccións valorativas por deterioro, e si procede, a súa reversión rexístrase como un gasto ou un ingreso respectivamente na conta de perdas e ganancias. A reversión ten o límite do valor en libros do activo financeiro.

En particular, ó final do exercicio compróbase a existencia de evidencia obxetiva de que o valor dun crédito (ou dun grupo de créditos con similares características de risco valorados colectivamente) deterioráronse como consecuencia dun ou máis acontecementos ocorridos tras o seu recoñecemento inicial e que ocasionaron unha redución ou un retraso nos fluxos de efectivo que se estimaron recibir no futuro e que poden estar motivados por insolvencia do debedor.

A perda por deterioro será a diferenza entre o seu valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros que se estiman que se recibirán, descontándos ó tipo de interés efectivo calculado no momento do seu recoñecemento inicial.

Os **pasivos financeiros**, a efectos da súa valoración, clasifícanse nalguna das seguintes categorías:

Débitos e partidas a pagar

Nesta categoría inclúense os pasivos financeiros orixinados na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da entidade e aqueles que non sendo instrumentos derivados, non teñen orixen comercial.

Inicialmente, estes pasivos financeiros rexístranse polo seu valor razoable que é o precio da transacción máis todos aqueles costes directamente atribuíbles.

Posteriormente, valóranse polo seu coste amortizado. Os intereses devengados contabilízanse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do interés efectivo.

Os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que no teñen un tipo de interés contractual, así como os desembolsos exigidos por terceiros sobre participacións, o pago dos cales espérase que sexa a corto prazo valóranse polo seu valor nominal.

Os préstamos e descubertos bancarios que devengan intereses rexístranse polo importe recibido, neto de costes directos de emisión. Os gastos financeiros e os costes directos de emisión, contabilízanse segundo o criterio de devengo na conta de resultados utilizando o método de interés efectivo e engádense o importe en libros do instrumento na medida que non se liquidan no período que se devengan.

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Os préstamos clasifícanse como corrientes salvo que a Entidade teña o dereito incondicional para aprazar a cancelación do pasivo durante, ó menos, os doce meses seguintes a data do balance.

Os acreedores comerciais non devengan explícitamente intereses e rexístranse polo seu valor nominal.

Pasivos a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias

Nesta categoría inclúense os pasivos financeiros híbridos, e decir, aqueles que combinan un contrato principal non derivado e un derivado financeiro e outros pasivos financeiros que a entidade considerou conveniente incluír dentro desta categoría no momento do seu recoñecemento inicial.

Valóranse inicialmente polo seu valor razoable que é o precio da transacción. Os costes de transacción directamente atribuíbles rexístranse na conta de resultados. Tamén impútanse á conta de resultados as variacións que produzan no valor razoable.

b) Instrumentos financeiros híbridos:

A entidade non posúe no seu balance ningún instrumento financeiro híbrido.

c) Instrumentos financeiros compostos:

A entidade non posúe no seu balance ningún instrumento financeiro composto.

d) Contratos de garantías financeiras:

Non se dispón de contratos de garantías financeiras.

e) Inversións en entidades do grupo, multigrupo e asociadas:

Non se realizaron inversións en entidades do grupo, multigrupo e asociadas.

f) Criterios empregados na determinación dos ingresos ou gastos procedentes das distintas categorías de instrumentos financeiros:

Os intereses e dividendos de activos financeiros devengados con posterioridade ó momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de perdas e ganancias.

g) Determinación dos ingresos ou gastos procedentes das distintas categorías de instrumentos financeiros: intereses, primas ou descontos, dividendos, etc.

Os intereses e dividendos de activos financeiros devengados con posterioridade ó momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de perdas e ganancias.

h) Instrumentos de patrimonio propio en poder da entidade:

Cando a entidade realiza algunha transacción cos seus propios instrumentos de patrimonio, rexístrase o importe destes instrumentos no patrimonio neto. Os gastos derivados destas transaccións, incluídos os gastos de emisión destes instrumentos, rexístranse directamente contra o patrimonio neto como menores reservas.

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Cando se desiste dunha operación de esta natureza, os gastos derivados da mesma recoñécense na conta de pérdas e ganancias.

10. Transaccións en moeda extranxeira:

Non existen transaccións en moeda extranxeira.

11. Imposto sobre beneficios:

Calcúlase en función do resultado económico do exercicio antes de impostos, aumentado ou diminuído polas diferenzas existentes entre o resultado contable e o resultado fiscal (base imponible do imposto) e distinguindo nestas o seu carácter de "permanentes" ou "temporais" a efectos de determinar o Imposto sobre Sociedades devengado no exercicio, e minorado no seu caso polas bonificacións e deducións da cota.

Esta Fundación cumpre os requisitos necesarios para gozar dos beneficios fiscais da Lei 49/02 segundo a cal só tributaría polas rendas derivadas de explotacións económicas non exentas. Tendo en conta que todas as rendas obtidas considéranse exentas a efectos do Imposto sobre Sociedades, a súa base imponible será cero, sen prexuízo de que en calquera caso teñan que presentar a declaración do Imposto s/ Sociedades correspondente ao exercicio.

12. Provisións e continxencias:

As contas anuais da Entidade recollen todas as provisións significativas nas cales e maior a probabilidade de que se teña que atender a obrigaón. As provisións recoñécense unicamente en base a feitos presentes ou pasados que xeneren obrigacións futuras. Cuantifícanse tendo en consideración a mellor información dispoñible sobre as consecuencias do suceso que as motivan e son reestimadas con ocasión de cada peche contable. Utilízanse para afrontar as obrigacións específicas para as cales foron orixinalmente recoñecidas. Procédese a súa reversión total ou parcial, cando estas obrigacións deixan de existir ou diminúen.

13. Subvencións, doazóns e legados:

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse como ingresos directamente imputados ó patrimonio neto e recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingresos de forma correlacionada cos gastos ou inversións obxeto da subvención.

Non existen na Entidade subvencións, doazóns e legados que teñan carácter de reintegrables.

As subvencións, donacións e legados de carácter monetario valóranse polo importe concedido. As de carácter non monetario ou en especie valóranse polo valor razoable do ben ou servizo recibido, sempre que o valor razoable do citado ben ou servizo poida determinarse de maneira fiable.

14. Combinacións de negocios:

Durante o exercicio non se realizaron operacións de esta natureza.

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

15. Negocios conxuntos:

Non existe ningunha actividade económica controlada conxuntamente con outra persoa física ou xurídica.

16. Transaccións entre partes vinculadas:

Non existen transaccións entre partes vinculadas.

05 - INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE, BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

1. Análise do movemento durante o exercicio do inmovilizado intanxible, material, bens do patrimonio histórico e investimentos inmobiliarios e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioro de valor acumulado:

Movimiento del inmovilizado intangible	Importe 2020	Importe 2019
SALDO INICIAL BRUTO	11.163,99	9.164,00
(+) Entradas		1.999,99
(+) Correcciones de valor por actualización		
(-) Salidas		
SALDO FINAL BRUTO	11.163,99	11.163,99

Movimientos amortización inmovilizado intangible	Importe 2020	Importe 2019
SALDO INICIAL BRUTO	9.250,79	9.164,00
(+) Aumento por dotaciones	660,00	86,79
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisiciones o traspasos		
(-) Disminuciones por salidas, bajas y traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	9.910,79	9.250,79

Movimientos del inmovilizado material	Importe 2020	Importe 2019
SALDO INICIAL BRUTO	67.988,27	67.988,27
(+) Entradas		
(+) Correcciones de valor por actualización		
(-) Salidas		
SALDO FINAL BRUTO	67.988,27	67.988,27

Movimientos amortización del inmovilizado material	Importe 2020	Importe 2019
SALDO INICIAL BRUTO	67.988,27	67.988,27
(+) Aumento por dotaciones		
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisiciones o traspasos		
(-) Disminuciones por salidas, bajas y traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	67.988,27	67.988,27

Movimiento archivos	Importe 2020	Importe 2019
SALDO INICIAL BRUTO	15.604,00	15.604,00
(+) Entradas		
(-) Salidas		
SALDO FINAL BRUTO	15.604,00	15.604,00

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

Movimiento museos	Importe 2020	Importe 2019
SALDO INICIAL BRUTO	5.989,79	5.989,79
(+) Entradas		
(-) Salidas		
SALDO FINAL BRUTO	5.989,79	5.989,79

Non existen correccións por deterioro nin amortizacións.

Investimentos Inmobiliarios

A Entidade non posúe investimentos inmobiliarios.

06 - USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA

O movemento da partida B.II do activo do balance "Usuarios e outros debedores da actividade propia" refléxanse nas seguintes tablas:

Movimiento usuarios, deudores	Importe 2020	Importe 2019
SALDO INICIAL BRUTO	15.000,00	9.000,00
(+) Entradas	11.204,49	16.000,00
(-) Salidas	25.204,49	10.000,00
SALDO FINAL BRUTO	1.000,00	15.000,00

Os usuarios e outros debedores non proceden de entidades do grupo, multigrupo ou asociadas.

07 - BENEFICIARIOS – ACREEDORES

Non existen debedas contraídas como consecuencia de axudas e asignacións concedidas en cumprimento dos fins propios da Entidade.

08 - FONDOS PROPIOS

O Capital Fundacional ascende a 14.621,24 euros, 7.393,08 euros que foron aportados polos patróns e socios do Museo do Pobo Galego e o resto corresponde a beneficios do exercicio 2004.

O resto do beneficio, unha vez compensadas as perdas de exercicios anteriores, atópase en reservas voluntarias que ascenden a 5.697,03 €.

Existen resultados negativos pendentes de compensar de 2016 por 2.689,10 € e de 2018 por 1.517,40 €.

O resultado positivo do presente exercicio que ascende a 10.880,25 € destinarase a compensar os resultados negativos pendentes segundo o párrafo anterior e o resto lévase a reservas voluntarias.

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

09 - SITUACIÓN FISCAL

Tendo en conta que todas as rendas obtidas están consideradas exentas do Imposto de Sociedades segundo a Lei 49/02 a Entidade non terá que tributar xa que a base imponible fiscal e cero.

Non existen créditos por perdas a compensar nin incentivos fiscais.

10. GASTOS E INGRESOS

A totalidade dos ingresos e gastos nos que incurriu a Entidade durante os exercicios 2020 e 2019 foron realizados en cumprimento de fins e o seu detalle e o seguinte:

Os gastos correspondentes os exercicios 2020 e 2019 son os seguintes:

Conta	Importe 2020	Importe 2019
600/ 610 Edición libros "Os animais de Fraguas"	3.207,30	
620 Exposición Antonio Fraguas		11.166,38
629 Gastos oficina e correos	329,95	63,07
650 Axudas monetarias		500,00
651.14 XI Premio A.Fraguas		7.291,22
669 Gastos Financeiros	43,80	115,90
680 Amortización Inmobilizado Intanxible	660,00	86,79
TOTAL GASTOS	4.241,05	19.223,36

Os ingresos obtidos durante o exercicio 2020 e 2019 son os seguintes, **todos eles exentos do Imposto s/ Sociedades segundo a Lei 49/2002:**

Conta	Importe 2020	Importe 2019
700 Ventas libros Os animais de Fraguas	6.851,92	
700 Dereiros de Autor	2.648,31	
723 Patrocinadores e Colaboracións	5.100,00	25.921,00
746 Sub.Capital traspas.rdo exerc.	521,07	68,52
769 Ingresos Financeiros		
TOTAL INGRESOS	15.121,30	25.989,52

Non existen vendas de bens nin prestacións de servizos producidos por permuta de bens non monetarios.

11 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS.

10.1 Actividade da Entidade.

A Fundación durante o exercicio 2020 edita un libro "Os animais de Fraguas" do que vendeu algúns exemplares polos que obtén un resultado positivo de 3.644,62 €. Tamen percibiu ingresos por Dereiros de Autor por importe de 2.648,31 €. A totalidade dos resultados obtidos serán destinados o cumprimento dos fins propios da Entidade.

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

10.2 Aplicación de Elementos Patrimoniais a Fins Propios

A totalidade dos bens e dereitos que constituen o patrimonio da Entidade están vinculados directamente ó cumprimento dos fins propios da Entidade.

12. OPERACIONES CON PARTES VINCULADAS

1. Non existen operacións con partes vinculadas.

2. Non existe persoal de alta dirección

13. OUTRA INFORMACIÓN

A Fundación non posue personal asalariado.

O órgano de goberno da Fundación é o Padroado estará composto por :

Presidente. A Presidencia da Fundación recaerá sempre na persoa que ostente a do Museo do Pobo Galego.

Vicepresidente primeiro. Excmo Sr Conselleiro de Cultura.

Vicepresidente segundo. Excmo Sr. Alcalde de Santiago de Compostela.

Vicepresidente terceiro. Vicepresidente 1º do Museo do Pobo Galego.

Vocais: 9 membros que serán designados polo Padroado do Museo do Pobo Galego.

Secretario. O da Xunta Reitora do Museo do Pobo Galego.

Será Presidente de Honra o Excmo Sr. Presidente da Xunta de Galicia.

Retribucións percibidas polos membros do órgano de goberno.

Os membros do órgano de goberno da Fundación non percibiron retribución algunha.

Anticipos e créditos concedidos a membros do órgano de goberno.

Non se concederon nin anticipos nin créditos aos membros do Órgano de Goberno.

Obrigas contraídas en materia de pensións e de seguros de vida respecto dos membros antigos e actuais do Órgano de Goberno.

A Entidade non contraeu obrigas en materia de pensións e de seguros de vida cos membros do Órgano de Goberno.

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

14 - ACTIVOS FINANCIEROS

A continuación móstrase o valor en libros de cada unha das categorías de activos financeiros sinaladas nas normas de rexistro e valoración.

A excepción do movemento da partida B.II do activo do balance "Usuarios e outros debedores da actividade propia" dos que xa se incluíu a información no apartado 6 desta memoria non existen activos financeiros na entidade nin a longo nin a curto prazo.

Empresas do grupo, multigrupo e asociadas:

A entidade FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS colabora co MUSEO DO POBO GALEGO nalgunhas actividades polo que mantén unha conta corrente cun saldo debedor, a 31-12-2020 de 36,00 €.

15- PASIVOS FINANCIEROS

Información sobre os pasivos financeiros da entidade:

Pasivos financeiros a longo prazo:

Non existen na Entidade.

Pasivos financeiros a curto prazo:

Derivados y otros cp	Importe 2020	Importe 2019
Pasivos financieros a coste amortizado		9.759,84
Pasivos financieros mantenidos para negociar		
TOTAL		9.759,84

Información sobre vencementos das débedas o peche do exercicio:

Todas as débedas da Fundación teñen vencemento inferior a un ano.

Información sobre débedas con garantía real

Non existen débedas con garantía real.

Información sobre liñas de desconto e pólizas de crédito.

Non existen liñas de desconto nin pólizas de crédito ao peche do exercicio.

Préstamos pendentes de pago con Entidades de crédito ao peche do exercicio:

Non existen na Entidade .

MEMORIA 2020

FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

G15705262

16. SUBVENCIONS, DOAZONS E LEGADOS

Existen dous tipos de subvencions:

1. Subvencions relacionadas coas distintas actividades.-

Recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingresos de forma correlacionada cos gastos obxecto da subvención e o seu detalle e o seguinte:

Exercicio 2020.

Non existen subvencions.

Exercicio 2019

O 17-04-2019 firma un convenio de colaboración ca Consellería de Cultura polo que se compromete a realización de actividades de divulgación, estudo e preservación da obra de D. Antonio Fraguas Fraguas por un importe total de 19.000 euros dos que a Consellería de Cultura aportará 15.000 €. A parte proporcional do convenio destinado a gastos, que ascende a 13.421,00 €, levouse a ingreso do exercicio.

2. Subvencions para investimentos.

Recoñécense na conta de perdas e ganancias como ingreso a medida que se amortizan os bens que subvencionan. A continuación relacionamos as subvencions percibidas en exercicios anteriores e a parte levada a ingresos no exercicio 2020 e 2019:

Exercicio 2019

O 17-04-2019 firma un convenio de colaboración ca Consellería de Cultura polo que se compromete a realización de actividades de divulgación, estudo e preservación da obra de D. Antonio Fraguas Fraguas por un importe total de 19.000 euros dos que a Consellería de Cultura aportará 15.000 €. A parte proporcional do convenio destinado a inmovilizado, que ascende a 1.579,00 €, levarase a ingreso na mesma proporción en que se amortizan os bens que subvencionan. No exercicio 2019 o importe levado a ingreso e de **68,52 €** e o importe pendente e de **1.510,48 €** e no exercicio 2020 o importe levado a ingresos e de **521,07 euros** e o importe pendente de **989,41 €**

Exercicio 2009

Dos 17.400,00 € do Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Cultura no exercicio 2009 temos contabilizada: unha subvención de capital, na conta 130.50, por importe **6.125,00 €** pola compra de arquivos que non se amortiza e outra por importe de 2.015,00 euros, de aplicacións informáticas, contabilizada neta da súa amortización, na conta 130.60 da que no 2013 rematou a amortización.

Exercicio 2005

Dende o exercicio 2003 ata o 11-11-2005, data de finalización, recibimos un total de 69.517,23 € para a creación de una Sala de Antropoloxía nas dependencias do Museo do Pobo Galego que están contabilizados como subvención de capital, cta 130, netos da súa amortización. A excepción dos **5.694,45 €** destinados a museos que non se amortizan o resto está totalmente amortizado.

3. Doazóns e aportacións de socios:

Non existen doazóns nin aportación de socios.

MEMORIA 2020
FUNDACION ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS
G15705262

4. Outras colaboracións.

A Entidade percibiu, en concepto de colaboración 5.100 € no exercicio 2020 e 12.500,00 € no exercicio 2019.

17 – FEITOS POSTERIORES O PECHE

Non existe ningún suceso posterior ó peche que deba ser recollido nestas contas anuais.